

CULTURA Y TV

Méndez Ferrín gaña o premio anual da Asociación de Escritores en Lingua Galega

A súa novela «No ventre do silencio» é considerada a mellor obra publicada en 1999. O escritor Xosé Luís Méndez Ferrín (Ourense, 1938) é o gañador do premio Asociación de Escritores en Lingua Galega 2000. Esta organización entende que a novela «No ventre do silencio», publicada por este autor, é a mellor obra literaria publicada no idioma de Galicia en 1999. O acto de entrega do galardón terá lugar en Vigo no mes de decembro.

REDACCIÓN A CORUÑA

Unha ampla maioría dos integrantes do xurado optaron por este libro de Méndez Ferrín, que sucederá nesta distinción a Manuel Rivas, que mereceu o galardón o ano anterior por *O lapis do carpinteiro*.

O público dispensou unha gran acollida á novela *No ventre do silencio*, editada por Xerais. Nela, o veterano escritor reconstrúe a época da posguerra, pintando o oscurantismo do momento, dominado polo fanatismo político. A historia está contada por unha narradora invisible e toma como punto de partida aspectos autobiográficos do autor, para contar-las peripecias de catro estudantes na Compostela dos anos cincuenta. Para elo, constrúe unha rede de 270 personaxes.

Ferrín, un dos escritores en lingua galega máis laureados, xa recibiu por este mesmo libro o Premio Nacional de la Crítica 2000, galardón que xa recollera en 1992 por *Arraianos*.

Agasallo

O autor ourensán, que este ano está proposto como candidato ó Premio Nobel de Literatura, recibirá unha pluma estilográfica como agasallo desta asociación de escritores.

A Academia da Lingua Galega elixiu o pasado febreiro a Méndez Ferrín como novo membro, ocupando a praza que deixou vacante, ó final do ano pasado, Antón Fraguas. O 30 de



XURXO LOBATO

setembro leu o seu discurso de entrada na institución.

LA VOZ DE GALICIA,S.A. se reserva todos los derechos como autor colectivo de este periódico y, al amparo del art. 32.1 de la Ley de Propiedad Intelectual, expresamente se opone a la consideración como citas de las reproducciones periódicas efectuadas en forma de reseñas o revista de prensa. Sin la previa autorización por escrito de la sociedad editora, esta publicación no puede ser, ni en todo ni en parte, reproducida, distribuida, comunicada públicamente, registrada o transmitida por un sistema de recuperación de información, ni tratada o explotada por ningún medio o sistema, sea mecánico, fotoquímico, electrónico, magnético, electro óptico, de fotocopia o cualquier otro en general. **M de A Coruña en el Tomo 2.438 del Archivo, Sección General, al folio 92, hoja C-2141.CIF: A 15000649**

© Copyright LA VOZ DE GALICIA S.A. Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España) RM de A Coruña: tomo 2413, folio 84, hoja C-12502. CIF: B-15.482.177